



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: DECRETO APROBACIÓN DE EXPEDIENTE. CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PERSOAL XEROCULTOR CONCELLO DE LOUSAME 2024

Expediente: 2024/G003/000757 – 2024/X999/000107

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

1. Providencia da Alcaldía, do 29.10.2024, incoando o procedemento administrativo.
2. Informe do Técnico de Administración Xeral do Concello de Lousame, do 29.10.2024.
3. A proposta de Bases de Selección para a creación dunha Bolsa de Emprego, do 29.10.2024.
4. Informe do Técnico de Administración Xeral do Concello de Lousame sobre as bases redactadas, do 29.10.2024.
5. Informe de Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, do 04/11/2024

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego para contratación laboral temporal para a substitución do persoal laboral XEROCULTOR/A do Centro de Día do Concello de Lousame, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a constitución dunha BOLSA DE EMPREGO para contratación laboral temporal para a substitución do persoal XEROCULTOR/A do Centro de Día do Concello de Lousame, que figuran como anexo da presente resolución, nos termos en que figuran no expediente.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello de Lousame e anuncio no BOP da Coruña.

TERCEIRO. Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de Lousame. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

CUARTO. Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoa ou desestimándoa, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal.

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE LOUSAME PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE XEROCULTOR/A. (Código RPT 4208)

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de XEROCULTOR/A, (Código RPT 4208) mediante contratación laboral temporal (eventual por circunstancias da produción ou de substitución, segundo corresponda), ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada e polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Redución de xornada e polo período que medie entre a redución e súa finalización ou a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo Centro de día para persoas maiores (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.)
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo, de ser o caso.

SEGUNDA: FUNCIÓNS OU TRABALLOS A REALIZAR.

As funcións que ten encomendadas o posto de persoal xerocultor son as seguintes, de acordo coa RPT do Concello de Lousame, que se enumeran de forma orientativa e non exclusiva:

- a) Hixiene persoal da persoa usuaria.
- b) Segundo o plan funcional do centro, terá que efectuar a limpeza e mantemento dos utensilios da persoa usuaria.
- c) Darlles de comer a aquelas persoas que non o poidan facer por si mesmas. Neste sentido, ocuparase igualmente da recepción e distribución das comidas das persoas usuarias.
- d) Realizar os cambios posturais e aqueles servizos sanitarios auxiliares de acordo coa súa preparación técnica que lle sexan encomendados.
- e) Comunicar as incidencias que se produzan sobre a saúde da persoa usuaria.
- f) Limpar e preparar o mobiliario clínico, materiais e aparatos de caixa de urxencias.
- g) Acompañar á persoa usuaria nas saídas, paseos, xogos e tempo libre en xeral.
- h) Colaborar co equipo de profesionais mediante a realización de tarefas elementais que complementen os servizos especializados daqueles, para proporcionar a autonomía persoal da persoa usuaria e a súa inserción na vida social.
- i) Complementar o traballo asistencial, educativo e formativo que reciban dos profesionais respectivos.
- j) Actuar na coordinación e baixo a responsabilidade do persoal profesional dos que dependen directamente.
- k) Sixilo profesional sobre os procesos patolóxicos que sufran as persoas usuarias así como asuntos referentes á súa intimidade.
- l) En xeral, todas aquelas actividades que, sen ser especificadas antes, lle sexan encomendadas, que estean incluídas no exercicio da súa profesión e preparación técnica, e que teñan relación co sinalado anteriormente.
- m) Calquera outra función que o órgano responsable estime procedente segundo as necesidades do servizo para o correcto funcionamento do centro.

TERCEIRA: TIPO DE CONTRATO.

Os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) De substitución: Para a substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, así como para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante o contrato fixo.

b) Eventual por circunstancias da produción: por calquera incremento ocasional e imprevisible da actividade e oscilacións, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require. Entre as oscilacións enténdense incluídas aquelas que derivan das vacacións anuais.

CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Lousame.

QUINTA: XORNADA DE TRABALLO.

A xornada será completa ou parcial segundo se estableza en función das necesidades. A xornada máxima non excederá de 40 horas semanais de luns a venres cos descansos que marca a Lei.

SEXTA: RETRIBUCIÓN.

As retribucións básicas serán as correspondentes o grupo de titulación do posto ofertado.

SÉTIMA: PUBLICIDADE.

No taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello publicaranse a convocatoria e as bases íntegras do proceso selectivo. Tamén publicaranse o anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña.

Os resultados do proceso de selección e demais anuncios relacionados con este proceso publicaranse no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Lousame.

OITAVA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

— As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

— As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

d) Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Posuír permiso de condución clase B.

g) Posuír o carné de manipulador de alimentos en vigor.

h) De conformidade co Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia do 19 de outubro de 2017, o persoal coidador e xerocultor que preste os seus servizos en centros ou institucións sociais deberá acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, establecida polo Real decreto 1368/2007, do 19 de outubro, segundo determine a normativa que a desenvolva. A este efecto, será requisito indispensable estar en posesión dunha das seguintes titulacións ou certificacións:

1. Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
2. O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
3. O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do devandito Acordo do 19 de outubro de 2017, estean a traballar na categoría profesional de coidador/a ou xerocultor/a.
4. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Non caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar deles ata a formalización do contrato laboral,





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

DEREITOS DE EXAME.

1. Será requisito necesario para poder participar no procedemento de formación da bolsa de emprego **ABOAR**, dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas por dereitos de exame establecida nos artigos 2 e 5.1 da Ordenanza fiscal reguladora do taxa por dereitos de exame (BOP núm. 203 do 26.10.2022)

Posto:	Grupo / Subgrupo:	Taxa por dereitos de exame:
Xerocultor/a	Grupo C2 ou persoal laboral equivalente	10,00 €

2. A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

3. A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090. No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa. Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame (https://sede.lousame.es/opencms/es/sobrelasede/oficina_virtual/).

4. En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base novena.

5. Non se admitirá o pagamento da taxa fóra do prazo de presentación de solicitudes. A falla de pagamento da taxa no prazo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas, de tal xeito que xa non se terá en conta a súa solicitude para a formación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

6. Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 206 do 23/10/2022).

ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO.

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2 ou equivalente), deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas.

Esta proba será cualificada como Apto ou Non apto; e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Os/as interesados/as en formar parte desta bolsa de emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Alcaldía do Concello de Lousame.

Presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **DEZ (10) DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP de A Coruña.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello, deberá remitirse xustificante da presentación da solicitude ao número de Fax: 981.821865 ou á dirección de correo electrónico jose.martinez@concellodelousame.gal. No caso de que a persoa aspirante non remita o xustificante da presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Lousame e a dita solicitude teña entrada no Concello máis alá do prazo de presentación de solicitudes a mesma entenderase presentada fóra de prazo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame e na sede electrónica.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo I) e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- b) Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Copia do permiso de conducir clase B en vigor.
- d) Copia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- e) Copia da titulación requirida para o desempeño do posto de XEOCULTOR/A. (base 8.h)
- f) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados:
 1. Experiencia profesional: É imprescindible a presentación do informe de vida laboral e os contratos ou certificados de empresa onde conste o tempo traballado e o posto ocupado. De non presentarse todos estes documentos non se valorará a experiencia laboral.
 2. Formación: É imprescindible a presentación dos títulos ou certificados dos cursos realizados onde figure claramente o nome da entidade que os imparte, o título do curso e o número de horas. De non constar estes datos nos títulos ou certificados non serán tidos en conta para a valoración da formación.

A documentación deberá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación de documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

DÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica.

UNDÉCIMA: TRIBUNAL SELECCIONADOR.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O Tribunal seleccionador estará composto por un/unha presidente/a, unha persoa secretaria e tres vogais nomeados por Resolución de Alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos os membros do Tribunal seleccionador deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal de selección estará facultado para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos. Quen forme parte do Tribunal deberase absterse de intervir cando concorran nel algunha das circunstancias no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; así como cando realizase tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A Resolución de Alcaldía cas persoas membros do tribunal seleccionador exporase ao público no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, xunto coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e a data, hora e lugar de celebración da proba de galego, para aqueles que non aportasen o certificado Celga 2.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse co D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica.

DUODÉCIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN. FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Sistema de selección: Concurso de méritos.

As persoas aspirantes achegarán o modelo de instancia (Anexo I), acompañando copia dos documentos xustificativos dos méritos alegados, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán mediante esta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, cun máximo de 10 puntos, serán os seguintes:

A.-Experiencia profesional. Máximo 5 puntos.

- Servizos prestados en calquera Administración Pública no mesmo corpo/ escala/ subescala/ categoría, debidamente acreditados, no desempeño de posto de xerocultor/a, a xornada completa: 0,30 puntos por cada mes traballado.
- Servizos prestados en empresas privadas, debidamente acreditados, no desempeño de posto de xerocultor/a, realizando funcións idénticas ou análogas ás establecidas para o posto que se convoca: 0,15 puntos por cada mes traballado.

A puntuación máxima neste apartado é de **5 puntos**.

Para xustificar a experiencia laboral as persoas aspirantes acreditarán:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Os servizos prestados na Administración Pública mediante un certificado oficial da Secretaría correspondente expedido ao efecto, ou contratos de traballo, onde se fagan constar os servizos prestados e duración dos mesmos e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Os servizos prestados na empresa privada mediante contratos de traballo e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- No caso de persoas traballadoras autónomas mediante IAE (alta e actualización) e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación da convocatoria no BOP. Para o seu cálculo tomarase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables, dividirase entre 30 e multiplicarase por 0,30 ou 0,15 segundo corresponda. De tal xeito que unicamente se valorará a ratio enteira, desprezándose os decimais.

No caso de servizos prestados en xornadas inferiores á completa, estes serán valorados proporcionalmente a xornada prestada.

En todo caso deberán presentarse os CONTRATOS e/ou certificados de empresa onde figure a categoría e períodos realizados, xunto co INFORME DE VIDA LABORAL, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

B.- Cursos de formación. Máximo 3 puntos.

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver:

Por hora de duración	0,01 puntos.
----------------------	--------------

- Non se valorarán cursos nos que non consten o número de horas.
- Para a valoración de cursos acreditados con créditos (CFC ou ETCS) deberá constar o número de horas ás que equivalen ditos créditos, en caso contrario non serán valorados.
- Só serán valorados os cursos cunha duración superior a 5 horas.

A puntuación máxima neste apartado é de **3 puntos**.

C.- Entrevista persoal. Máximo 2 puntos.

Consistirá en que as persoas aspirantes contesten a preguntas sobre os méritos alegados coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa aspirante ao posto de traballo.

A puntuación máxima neste apartado é de **2 puntos**.

Cualificación final.

A cualificación das persoas aspirantes será a suma da puntuación obtida nos apartados de experiencia profesional, formación e entrevista persoal, acadándose así a puntuación final.

DÉCIMO TERCEIRA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES. EMPATE

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas no proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas no concurso de méritos.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Lousame e na sede electrónica ordenada de maior a menor puntuación.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Supostos de Empate:

En caso de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:

- Terá prioridade o aspirante que acumule unha maior valoración no apartado experiencia profesional.
- De persistir o empate, terá prioridade o aspirante que acumule unha maior valoración no apartado formación.
- De persistir o empate, terá prioridade o aspirante que acumule unha maior valoración no apartado experiencia profesional na administración pública.
- De persistir o empate, terá prioridade o aspirante de maior idade.

DÉCIMO CUARTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, o Tribunal de selección confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica.

DÉCIMO QUINTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A bolsa de emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

1.- Chamamentos ás persoas aspirantes.

Os chamamentos ás persoas aspirantes realizaranse mediante chamada telefónica, rexistrada que deixará constancia da data e das horas en que se efectúa, así como a identidade do/a empregado/a público/a que a realiza.

Nos chamamentos para contratos de corta duración e/ou carácter urgente efectuaranse dúas chamadas telefónicas. Se unha vez realizadas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente. O/a empregado/a público/a fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Nos restantes chamamentos en que medie un prazo de antelación suficiente á data de inicio do contrato, efectuaranse tres chamadas, nas cales se procurará que o intervalo entre cada unha delas non sexa inferior a 15 minutos. Se unha vez realizadas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente. O/a empregado/a público/a fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Unha vez establecido contacto mediante vía telefónica, o/a empregado/a público/a remitirá un correo electrónico, á persoa aspirante, solicitando a confirmación de aceptación ou de renuncia ao chamamento realizado.

No suposto de contratos de corta duración e/ou carácter urgente, a resposta ao correo electrónico debe remitirse nun tempo máximo de 30 minutos dende a recepción do mesmo, en caso contrario poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente. O/a empregado/a público/a fará constar mediante dilixencia se tivo ou non resposta.

Nos restantes chamamentos en que medie un prazo de antelación suficiente á data de inicio do contrato, a resposta ao correo electrónico debe remitirse nun tempo máximo de 60 minutos dende a recepción do mesmo, en caso contrario poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente. O/a empregado/a público/a fará constar mediante dilixencia se tivo ou non resposta.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado, a ausencia de resposta ao chamamento telefónico ou ao correo electrónico de confirmación de aceptación ou de renuncia, suporá que o/a aspirante pase ao último lugar da bolsa de emprego.

O/s teléfono/s e enderezo/s electrónicos que figure/n no sistema informático derivado da inscrición das candidaturas consideraranse os únicos válidos a efectos de chamamentos, e serán responsabilidade exclusiva da persoa aspirante os erros na consignación destes e a comunicación de calquera cambio que se produza en ditos datos.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a aspirante ao último lugar da lista quedando na mesma posición da lista como **non dispoñible**:

- Estar en situación de emprego activo temporal acreditado co informe de vida laboral actualizado.
- Maternidade, paternidade ou adopción legal nunha duración equivalente ao período legalmente establecido para ditas situacións, xustificado coa documentación acreditativa correspondente.
- Enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada por parte médico emitido por facultativo do Sistema Público de Saúde en que se determine a incapacidade daquela para o desempeño de actividade laboral e nunha duración máxima equivalente á prevista na normativa legal para a situación de incapacidade temporal.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, xustificado coa documentación acreditativa correspondente.
- Matrimonio ou unión de feito en análoga relación de afectividade, debidamente acreditados mediante documento público.

A documentación xustificativa remitirase como anexo ao correo electrónico de confirmación de renuncia ao chamamento recibido.

A situación de **non dispoñible** para os chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade indicando o fin da causa de suspensión e solicitando a súa reactivación na bolsa de emprego.

Para tal efecto, a persoa interesada deberá presentar solicitude de reactivación mediante instancia debidamente cuberta no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Suspensión dos chamamentos por solicitude do/a interesado/a:

Os/as integrantes da bolsa de traballo que se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión dos chamamentos mediante instancia debidamente cuberta no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O tempo de duración da suspensión será de tres ou seis meses, á elección da/o interesada/o.

A solicitude de suspensión deberá ir acompañada do informe de vida laboral actualizado, e terá efectos dende o día seguinte da súa presentación no rexistro do Concello.

3.- Nomeamentos e cesamentos.

Poderán realizarse contratacións laborais temporais (na modalidade que corresponda, segundo os casos) nos supostos previstos na Base Primeira; e sempre que esas contratacións sexan imprescindibles para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través do





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

informe dos servizos sociais básicos e da concellería correspondente no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazable desta contratación para o dito sector prioritario e para o funcionamento deste servizo público esencial.

Posteriormente, deberá acreditarse no expediente (co informe da Intervención Municipal) a existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da contratación laboral temporal.

Unha vez realizado o chamamento segundo a orde de prelación da bolsa de emprego, a persoa aspirante deberá achegar no prazo indicado no correo electrónico de confirmación de aceptación do chamamento:

- 1) Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado. No caso de que a persoa candidata non puidese achegar o certificado debido á urxencia do chamamento, admitirase de xeito provisional o xustificante da cita médica, debendo achegar dito certificado á maior brevidade posible.
- 2) Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- 3) Carné de manipulación de alimentos orixinal en vigor.
- 4) Titulación orixinal requirida para o desempeño do posto. (Base 8.h)
- 5) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- 6) Certificado de número IBAN de conta bancaria a nome do/a traballador/a.

Quen dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria, ou do exame da mesma deducítese que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións e sendo eliminadas da bolsa de emprego, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

En cumprimento do artigo 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á persoa aspirante non lle será requirida documentación que xa fose aportada anteriormente. A persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. A estes efectos, presumirase autorizada a consulta desta documentación, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa. Excepcionalmente, se non fose posible conseguir os documentos, poderá ser solicitada novamente a súa achega.

Comprobada a documentación anterior a Alcaldía mediante Resolución procederá ao seu nomeamento.

No suposto de que unha mesma persoa aspirante fora chamada para ocupar dous ou máis postos correspondentes á bolsa de emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

DÉCIMO SEXTA: AMPLIACIÓN E EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABAJO.

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos **catro (4) anos** a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Mediante Resolución da Alcaldía poderá resolverse a apertura da bolsa de traballo para a incorporación de novos aspirantes, así como para que aquelas persoas aspirantes que xa estean na bolsa aporten documentación que acredite novos méritos. Rematado o prazo de presentación de instancias trala apertura da bolsa o Tribunal de selección confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá iniciarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de catro anos de vixencia establecido neste base.

DÉCIMO SÉTIMA.

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao Tribunal de selección e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DÉCIMO OITAVA: APROBACIÓN.

As presentes bases serán aprobadas pola Alcaldía, órgano competente.

DÉCIMO NOVENA: IMPUGNACIÓN.

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I

Formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais XEROCULTOR/A do Concello de Lousame

INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS

Nome e apelidos	
DNI/NIE	
Enderezo	





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Datos a efectos de comunicación de chamamentos:

Teléfono	
Correo electrónico	

EXPOÑO:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a **formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de XEROCULTOR/A para o Concello de Lousame.**

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso de selección.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- 4.- Que non estou incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- 5.- Que estou en posesión do permiso de conducir *en vigor* clase B.
- 6.- Que estou en posesión do carné de manipulación de alimentos *en vigor*.

SOLICITO:

Ser admitido/a para tomar parte no proceso de selección para o acceso á bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de XEROCULTOR/A do concello de Lousame.

Á presente solicitude acompaño:

- Copia do DNI ou documento identificativo.
- Copia da titulación esixida para o desempeño do posto de Xerocultor/a.
- Copia do permiso de conducir clase B en vigor.
- Copia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- Informe de vida laboral emitido pola Tesourería da Seguridade Social.
- Contratos ou certificados de empresa onde figure o posto desempeñado.
- Documentación acreditativa da experiencia profesional:

Administración/Empresa	Posto	Período	
		Dende	Ata



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Documentación acreditativa da formación:

Denominación	Impartido por	Nº horas

AUTORIZO:

Que publique os meus datos persoais no taboleiro e na páxina web do Concello.

En, a de de 20.....

Sinatura: _____

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección CG 1.5, 15214 - LOUSAME (A CORUÑA); arturo.barreiro@concellodelousame.gal.

1.-DPO: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE LOUSAME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en arturo.barreiro@concellodelousame.gal.

2.-FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o Servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

3.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

4.-DESTINATARIOS DE CESIONES: CONCELLO DE LOUSAME non cederá os seus datos de carácter persoal.

5.-DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE LOUSAME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

